

# **CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE PREMIOS DO CONCURSO DE CONFECCIÓN DE UN CARTEL PARA AS FESTAS DE SAN BARTOLO 2017**

O Concello de Xove, dentro do marco das competencias que ten atribuídas pola lexislación vixente ten como obxectivo potenciar a participación cidadá no deseño de logos institucionais, e realiza para tal fin a convocatoria de premios do Concurso de Confección de un cartel para as festas de San Bartolo 2017, coas seguintes especificacións:

## **1.- Entidade adxudicadora**

- a.- Organismo: Xunta de Goberno Local do Concello de Xove
- b.- Departamento que tramita o expediente: Concellalía de Cultura

## **2.- Obxecto**

Concesión de premios do concurso de confección de cartel para as festas de San Bartolo 2017.

## **3.- Orzamento**

A contía máxima prevista destinada aos presentes premios é de 150,00 €, con cargo á partida 338.481 do Estado de Gastos do Orzamento Municipal de 2017.

## **4.- Contía dos premios**

Haberá unha única categoría.

O premio será de 150 euros en metálicos.

O autor cederá tódolos seus dereitos sobre a súa obra ao Concello de Xove.

De acordo co RD 439/2007, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renta das Persoas Físicas, non están suxeitos a retención ningún dos anteriores premios.

## **5.- Requisitos dos participantes**

Poderá participar no concurso e ser beneficiario deste premio calquera persoa empadroada no Concello de Xove.

A documentación a presentar será a seguinte:

- Ficha de inscrición establecida ao efecto con número de Rexistro.
- Fotocopia do DNI do autor-a
- Cartel en formato impreso e/ou dixital.
- Ficha Técnica (breve descrición do cartel)

- No caso de participantes menores de idade, deberase entregar ademáis unha fotocopia do DNI do pai/nai/titor-a.

→ Toda esta documentación entregárase no Rexistro de Entrada do Concello de Xove coa data límite do 30 de xuño inclusive.

#### **6.- Procedemento de entrega de premios**

Unha vez rematado o prazo de entrega, o xurado reunírase na segunda semana do mes de xullo e levantará acta na que conste o premiado.

Sobre a acta do xurado, emitírase informe-proposta polo Técnico Municipal de Cultura, que se elevará á Xunta de Goberno Local ou á Alcaldía, segundo sexa un ou outro o órgano competente para a concesión dos premios.

O fallo do xurado darase a coñecer a mediados do mes de xullo.

#### **8.-Outras informacións**

Concellaría de Cultura. Tfno. 982.59.20.01